

A felicidade, as veces, chega

No 1933, un día calquera, nunha pequena aldea galega unha muller estaba a lavar a louza cando de súpeto o seu home entrou na cociña e viña como tódolos días, bébedo, era a escena habitual que esa muller tiña que sufrir a diario dende aquel fatídico día, o que faría que as súas vidas cambiaran para sempre. Ata aquel día era un matrimonio do todo ledó, coma calquera outro, con pequenas pelexas pero todas por cousas sen moita importancia, tiñan un pequecho de 4 anos que os enchía de ledicia, ata que un día pola noite o rapaz despertou con moita dor, queixándose moito e vomitando. A nai pensou que non era nada, máis ben que lle sentara mal a cea, e baixou a cociña para prepararlle unha herbas, pero cando chegou de volta coas herbas o neno estaba moi branco e apenas alentaba. O pai trazou de vestirse rápido para ir en busca do médico. Cando estaba a punto de saír pola porta oíu un laio que o deixou parado e despois veu seguido duns berros e choros, o peor que lle podía pasar sucedera.

A vida dese neno, do neno dos seus ollos, acababa de rematar nese mesmo momento, no peor momento e sen motivo aparente. Por que lle sucedera iso a eles? Que fixeran para merecer isto? Estas preguntas non tiveron resposta co paso do tempo e o home encontrou unha maneira de esquecerse de todo ca bebida. Para a muller era moito máis difícil, por que ademais da pena que tiña pola morte do seu fillo, o seu home metérase a beber e chegaba tódolos días moi tarde a casa e tan borracho que non se podía falar con el. Esa tarde fora unha boa tarde, aquela pena que ela levaba arrastrando durante un ano e medio doulle un descanso. Levaba uns días que se atopaba moi mal, sen ganas de comer e co estómago moi revoltó, así que foi ao médico para que a mirara xa que ela pensaba que todo isto eran os nervios por todo o que lle estaba a suceder. Pero levou unha sorpresa enorme cando o médico lle dixo que estaba de parabén porque o que lle pasaba non era nada grave, que tiña que estar contenta porque estaba preñada. Buff que noticia, ela, preñada, outro neno. No momento non dou encaixado a noticia, pillouna desprevida, como lle ía contar ela o seu home que ían ter outro fillo, como o tomaría el, moitas dubidas lle entraron de repente. Isto só durou uns minutos, sen máis decidiu que isto era un novo regalo que ían ter e que era unha nova oportunidade de ser felices os tres xuntos e poder esquecerse de todo o malo que pasara no pasado. Marchou para a casa a esperar que chegara o seu home para contarlle a noticia.

Como xa comentei o home chegou moi bébedo, así que pensou que mellor esperaríaa dicirlló a primeira hora da mañá que así entenderíaa o que lle estaba dicindo. Foron durmir como tódalas noites e pola mañá cando espertaron, ela díxolle que lle tiña que contar algo que ía cambiar as súas vidas para mellor, que a mala etapa que estaban vivindo rematara. O home, moi sorprendido, mirou cara ela e sen máis ela soltoulle que ía ser pai. A noticia descolocouno, esperaba calquera cousa, pero iso non. Gustoulle moito e prometeulle a súa muller que ía cambiar, que a partires de agora non bebería máis e que se portaría como un bo esposo e como un bo pai.

E foi verdade, cumpriu o que dixo, non volve emborracharse nunca máis, nin sequera os días de festa e os tres conseguiron vivir moi felices podendo esquecer os malos ratos que tiveran noutros tempos, porque ese novo neno, que foi un rapaz, encheulles a vida de felicidade e amor.